

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA

CURSO: 1º ESO

MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

DEPARTAMENTO: ARTES PLÁSTICAS

DATA: 6/ 7/ 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.	B1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.
B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.	<p>B.1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas. B.1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.</p> <p>B1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.</p>
1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.	B1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).
B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	B1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo. B1.4.2. Realiza

	<p>composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. 1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo. 1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.</p>
B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias.	B1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.
B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	B1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.
B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.	<p>B1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. B1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. B1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinces, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. B1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. B1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. B1.7.6.</p>

	Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas. B1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	B3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.
B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.	B3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.
B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.	B3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.
B3.11. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.	B3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).
B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.	B2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes. B2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.
B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.	B2.2.1. Distingue símbolos de iconas. B2.2.2. Deseña símbolos e iconas.
B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.	B2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.

B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación.

B2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual. B2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.

## 2. Avaliación e cualificación

### Procedementos:

- **Avaliación inicial**

- **Avaliación continua:** Dado o carácter práctico da materia, a avaliación realizarase cualificando as tarefas realizadas polo alumnado en cada trimestre e contará tamén cunha proba escrita específica correspondente a este bloque de contidos.

As cualificacións de cada traballo/tarefa faranse sobre 10 puntos. As cualificacións de cada traballo faranse sobre 10 puntos, e ponderaranse de acordo aos criterios establecidos no apartado seguinte, sendo obrigatorio entregar todos os traballos e obter como mínimo un 5 en cada un deles para aprobar.

Traballos individuais e colectivos: 60%, Probas escritas: 30%, Observación directa: 10%.

Os traballos que non obtiveran a nota mínima dun 5 repetiránse antes do final do trimestre ata un máximo de 3 traballos. Se os traballos individuais están suspensos, o alumno repetirá os traballos que lle indique o profesor ao principio do seguinte trimestre. No terceiro trimestre, os traballos pendentes de aprobar entregaránse na última semana.

### Avaliación

### Instrumentos:

- **Observación sistemática:** consistente no proceso de explicación orais das propias realizacións de producións plásticas, as actitudes e interrelación cos outros e adquisición de hábitos: coidado do material propio e alleo e respecto das datas de entrega.

- **Seguemento dos traballos/ tarefas:** individuais ou colectivos realizados na clase polo alumnado.

- **Docente como orientador,** promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado.

- **Implicación do profesor:** búsqueda, elaboración e deseño de materiais e recursos didácticos variados en coordinación con outras áreas.

- **Secuencia habitual de traballo na aula**

Presentación da actividade con gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor; Información básica para todo o alumnado; Información complementaria para reforzo e apoio; Información complementaria para afondamento e ampliación Traballo persoal; Lectura e comprensión de textos; Resposta a preguntas; Resolución de problemas; Comentario de documentos, imaxes, etc.; Elaboración de producións gráficas.

<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final será unha media das dúas primeiras avaliacións, sumando ata un punto a nota final se se entregaron todas as tarefas propostas a través da aula virtual.</p> <p>De non conseguir o aprobado desta forma, o alumnado terá que facer unha proba teórica-práctica <u>telematicamente</u> a través da aula virtual ou presencial se a situación de emerxencia sanitaria o permíteo.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Terá que facela aquel alumnado que non conseguise o aprobado na avaliación final de xuño, cunha proba teórica-práctica.</p>
<b>Avaliación de materia pendentas</b>	<p>Criterios de avaliación: Superar os contido mínimos esixidos e criterios de avaliación a través das actividades propostas na primeira e segunda avaliación, e de non ser entregados terán unha proba teórico práctica para superar estes contidos.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Esixiranse os criterios imprescindibles de avaliación a través dos estándares de aprendizaxe para poder aprobar a materia.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: A estes alumnos/as entregóuseltes un caderno de actividades para que presentaran por trimestres o avaliacións. A realización dos traballos contará ata un 100% da nota e si non presenta o caderno terá que facer unha proba de avaliación cos contidos que se lle piden no caderno de actividades. Os que non superen a avaliación de pendentas poderán presentarse a avaliación extraordinaria na que a nota do exame terá un valor do 100%.</p>



<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Fixéronse diversas actividades repasando os contidos que se deron ata o estado de emerxencia, os cales están relacionadas cos competencias imprescindibles que aparecen no punto un desta adaptación.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	A través da aula virtual, expóñense as actividades, corríxense e envíanse as explicacións para que poidan corríxilas antes das entregas, facendo un seguimento personalizado de cada <u>alumn@</u> . Ademais de recibilas a través do correo electrónico ou telefonicamente para o alumnado e familias que teñan dificultades para manexar a aula virtual que neste curso en particular son varias.
<b>Materiais e recursos</b>	PDF, arquivos y documento s explicativos das tarefas, e correccións, chamadas telefónicas nas dúbidas, recursos de internet, vídeos, traballando a través da aula virtual do centro. Creouse un cartafol específica de cada alumno para poder facer un seguimento e quede constancia do traballo realizado, un <u>portfolio</u> dixital e cunha posible volta nun tempo pódanse expoñer os traballos no centro, cando termine esta alerta sanitaria.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través do XADE poñendo a nota final, e a través de unha mensaxe na aula virtual ou correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.